

VIAXES AO IMPOSIBLE

(PARA FACER UNHA PELÍCULA, PRIMEIRO
TES QUE SUBIR A UNHA MONTAÑA)
CURSO DE CINE

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

7 outubro - 16 decembro 2020

Horario: mércores de 19:00 a 20:30 h

"As viaxes ao imposible son excelentes medios de creación".
Serge Daney

Por cada película que chega ver a luz son moitas as que permanecen no limbo do *infirmado*. Estas últimas son as únicas películas perfectas porque só existen en potencia, como idea ou como soño, e non sufriron o choque co real. En cambio, as que si chegaron a existir serán sempre e necesariamente imperfectas, un catálogo de compromisos e renuncias e, quizais, dalgúns felices encontros. "Todo é posible a condición de ser o suficientemente insensato", dixo Orson Welles; pero, como el mesmo descubriría, tal optimismo non era máis ca o obstinado desexo dun rebelde inconformista.

Cada película que chega aos nosos ollos é, polo tanto, un pequeno milagre, un fragmento arrancado da escuridade, do nada e do imposible. Porque a beleza do cine podería estar precisamente no seu carácter improbable e perecedeiro, no *milagroso* da súa maquinaria tecnolóxica que, como tal, sempre estará á mercé da imperfección, da anomalía, do defecto ou do erro. No interior de cada película anida a posibilidade do *non ser* e a historia do cine será sempre unha negociación entre o visible e o invisible, entre as súas películas posibles, é dicir, aquelas que chegaron a filmarse e aínda se conservan, e as imposibles, aquelas que non se filmaron xamais ou se perderon para sempre.

Por todo isto, unha das máis conmovedoras historias posibles do cine —á que se dedica este curso— é a dos creadores melancólicos que, como dixo Walter Benjamin de Kafka, cortexan constantemente "a pureza e a fermosura dun fracaso", que o queren todo para, en ocasións, non chegar a nada, que aceptan o azar como un detonante máis das súas historias, que seguen avanzando a pesar dos accidentes, que non deixan de buscar ese norte que perderon hai tempo... Esos creadores que, en fin, viaxan ao imposible para encontrar o posible.

PROGRAMA

7 outubro	<i>Fitzcarraldo</i> (Werner Herzog, 1982) e <i>A conquista do inútil</i> (Werner Herzog, 2004)
14 outubro	<i>Otelo</i> (Orson Welles, 1948-1952) e <i>Filmando Otelo</i> (Orson Welles, 1978)
21 outubro	<i>Isto non é unha película</i> (Jafar Panahi, 2011)
28 outubro	<i>Apocalypse Now</i> (Francis Ford Coppola, 1979) e <i>Hearts of Darkness: A Filmmaker's Apocalypse</i> (Fax Bahr, George Hickenlooper, Eleanor Coppola, 1991)



Fotograma de *Fitzcarraldo* (Werner Herzog, 1982)

"Los viajes a lo imposible son excelentes medios de creación".
Serge Daney

Por cada película que llega a ver la luz muchas son las que permanecen en el limbo de lo *infirmado*. Estas últimas son las únicas películas perfectas porque solo existen en potencia, como idea o como sueño, y no han sufrido el choque con lo real. En cambio, las que sí han llegado a existir serán siempre y necesariamente imperfectas, un catálogo de compromisos y renuncias y, quizá, de algunos felices encuentros. "Todo es posible a condición de ser lo suficientemente insensato", dijo Orson Welles; pero, como él mismo descubriría, tal optimismo no era más que el obstinado deseo de un rebelde inconformista.

Cada película que llega a nuestros ojos es, por lo tanto, un pequeño milagro, un fragmento arrancado a la oscuridad, a la nada y a lo imposible. Porque la belleza del cine podría estar precisamente en su carácter improbable y perecedero, en lo *milagroso* de su maquinaria tecnológica que, como tal, siempre estará a merced de la imperfección, la anomalía, el defecto o el error. En el interior de cada película anida la posibilidad del *no ser* y la historia del cine será siempre una negociación entre lo visible y lo invisible, entre sus películas posibles, es decir, aquellas que llegaron a filmarse y todavía se conservan, y las imposibles, aquellas que no se filmaron jamás o se perdieron para siempre.

Por todo ello, una de las más conmovedoras historias posibles del cine —a la que se dedica este curso— es la de los creadores melancólicos que, como dijo Walter Benjamin de Kafka, cortejan constantemente "la pureza y la hermosura de un fracaso", que lo quieren todo para, en ocasiones, no llegar a nada, que aceptan el azar como un detonante más de sus historias, que seguen avanzando a pesar de los accidentes, que no dejan de buscar ese norte que han perdido hace tiempo... Esos creadores que, en fin, viajan a lo imposible para encontrar lo posible.

PROGRAMA

7 octubre	<i>Fitzcarraldo</i> (Werner Herzog, 1982) y <i>Conquista de lo inútil</i> (Werner Herzog, 2004)
14 octubre	<i>Otelo</i> (Orson Welles, 1948-1952) y <i>Filmando Otelo</i> (Orson Welles, 1978)
21 octubre	<i>Esto no es una película</i> (Jafar Panahi, 2011)
28 octubre	<i>Apocalypse Now</i> (Francis Ford Coppola, 1979) y <i>Hearts of Darkness: A Filmmaker's Apocalypse</i> (Fax Bahr, George Hickenlooper, Eleanor Coppola, 1991)

4 novembro *Shoah* (Claude Lanzmann, 1985)
 18 novembro *Vals con Bashir* (Ari Folman, 2008)
 25 novembro *O raio verde* (Éric Rohmer, 1986) e *The Green Ray* (Tacita Dean, 2001)
 2 decembro José Val del Omar, inventar para filmar (*Tríptico elemental de España*, 1955-1982)
 9 decembro *Zama* (Lucrecia Martel, 2017) e *El mono en el remolino. Notas del rodaje de Zama* (Selva Almada, 2017)
 16 decembro *A porta do ceo* (Michael Cimino, 1980)

JOSÉ MANUEL LÓPEZ (Vigo, 1974). Crítico, docente e programador cinematográfico, actualmente escribe a súa tese titulada "La última ciudad. Vagabundeos terminales por el cine contemporáneo" e é profesor de Guión e Teoría da Imaxe na facultade de Comunicación de Pontevedra.

Desde 2012 imparte cursos de cinema no MARCO de Vigo e no CGAC. Impartiu, ademais, conferencias en espazos como Master LAV, a ESCAC, o CGAI - Filmoteca de Galicia, a Seminci, o Festival de Málaga ou o Centro de las Artes de Sevilla.

En 2004 fundou a revista de análise cinematográfica *Tren de sombras* (2004-2008) e desde 2007 ata 2017 formou parte do consello de redacción de *Caimán Cuadernos de Cine* (anteriormente coñecida como *Cahiers du Cinéma: España*).

En 2008 coordinou o libro Naomi Kawase. *El cine en el umbral* para o Festival de Cine das Palmas. Participa en libros colectivos como *La risa oblicua. Tangentes, paralelismos e intersecciones entre documental y humor*; *Las edades de Apu. Estudios sobre la Trilogía de Satyajit Ray* ou *Paul Schrader. El cineasta frente a los tiempos*, entre outros. Colaborou, ademais, en diferentes revistas e, como dialoguista, en dúas tempadas da serie da Televisión de Galicia *Matalobos*.

En 2015 comisariou o ciclo de cinema *O centro non pode resistir. Descentramentos da figura na paisaxe urbana* para acompañar a exposición *Valérie Jouve. Corps en résistance* na Fundación Luís Seoane da Coruña; en 2017 comisariou o programa de curtas *Sonic Lux* para o festival internacional de cinema *Curtocircuíto*; e en 2018 foi un dos comisarios de *New Spain*, unha exposición de artistas e cineastas españois para Solar - Galería de Arte Cinemática e o festival *Curtas de Vila do Conde* (Portugal).

4 noviembre *Shoah* (Claude Lanzmann, 1985)
 18 noviembre *Vals con Bashir* (Ari Folman, 2008)
 25 noviembre *El rayo verde* (Éric Rohmer, 1986) y *The Green Ray* (Tacita Dean, 2001)
 2 diciembre José Val del Omar, inventar para filmar (*Tríptico elemental de España*, 1955-1982)
 9 diciembre *Zama* (Lucrecia Martel, 2017) y *El mono en el remolino. Notas del rodaje de Zama* (Selva Almada, 2017)
 16 diciembre *La puerta del cielo* (Michael Cimino, 1980)

JOSÉ MANUEL LÓPEZ (Vigo, 1974). Crítico, docente y programador cinematográfico, actualmente escribe su tesis titulada "La última ciudad. Vagabundeos terminales por el cine contemporáneo" y es profesor de Guion y Teoría de la Imagen en la facultad de Comunicación de Pontevedra.

Desde 2012 imparte cursos de cine en el MARCO de Vigo y en el CGAC. Ha impartido, además, conferencias en espacios como Master LAV, la ESCAC, el CGAI - Filmoteca de Galicia, la Seminci, el Festival de Málaga o el Centro de las Artes de Sevilla.

En 2004 fundó la revista de análisis cinematográfico *Tren de sombras* (2004-2008) y desde 2007 hasta 2017 formó parte del consejo de redacción de *Caimán Cuadernos de Cine* (anteriormente conocida como *Cahiers du Cinéma: España*).

En 2008 coordinó el libro Naomi Kawase. *El cine en el umbral* para el Festival de Cine de Las Palmas. Participa en libros colectivos como *La risa oblicua. Tangentes, paralelismos e intersecciones entre documental y humor*; *Las edades de Apu. Estudios sobre la Trilogía de Satyajit Ray* o *Paul Schrader. El cineasta frente a los tiempos*, entre otros. Ha colaborado, además, en diferentes revistas y, como dialoguista, en dos temporadas de la serie de la Televisión de Galicia *Matalobos*.

En 2015 comisarió el ciclo de cine *O centro non pode resistir. Descentramentos da figura na paisaxe urbana* para acompañar a la exposición *Valérie Jouve. Corps en résistance* en la Fundación Luís Seoane de A Coruña; en 2017 comisarió el programa de cortos *Sonic Lux* para el festival internacional de cine *Curtocircuíto*; y en 2018 fue uno de los comisarios de *New Spain*, una exposición de artistas y cineastas españoles para Solar - Galería de Arte Cinemática y el festival *Curtas de Vila do Conde* (Portugal).

DIRECCIÓN: José Manuel López

COORDINACIÓN: Virginia Villar

DESTINATARIOS: Docentes, estudiantes e persoas interesadas no cine.

PAZAS: 75

INSCRIPCIÓN: O prazo de inscrición estará aberto desde o 1 de xullo ata o 6 de outubro de 2020. As persoas interesadas poden enviar un correo electrónico a cgac.educacion@xunta.gal. Nel deberán indicar o seu nome completo, DNI, estudos, área de traballo ou interese, un enderezo de correo electrónico e un teléfono de contacto. Unha vez aceptada a solicitude, informarase ás persoas inscritas sobre como realizar o pagamento.

En función da situación sanitaria que exista no momento da realización do curso, este realizarase na modalidade presencial ou en liña.

MATRÍCULA: 30 €

CERTIFICACIÓN: O CGAC expediralles un certificado a todas aquelas persoas que asistan, como mínimo, ao 75 % das sesións.

DIRECCIÓN: José Manuel López

COORDINACIÓN: Virginia Villar

DESTINATARIOS: Docentes, estudiantes y personas interesadas en el cine.

PLAZAS: 75

INSCRIPCIÓN: El plazo de inscripción estará abierto desde el 1 de julio hasta el 6 de octubre de 2020. Las personas interesadas pueden enviar un correo electrónico a cgac.educacion@xunta.gal. En él deberán indicar su nombre completo, DNI, estudios, área de trabajo o interés, una dirección de correo electrónico y un teléfono de contacto. Una vez aceptada la solicitud, se informará a las personas inscritas sobre cómo realizar el pago.

En función de la situación sanitaria que exista en el momento de la realización del curso, este se realizará en la modalidad presencial o en línea.

MATRÍCULA: 30 €

CERTIFICACIÓN: El CGAC expedirá un certificado a todas aquellas personas que asistan, como mínimo, al 75 % de las sesiones.



DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN

Rúa Ramón del Valle Inclán 2, 15703 Santiago de Compostela

Tel.: 981 546 602/31

cgac.educacion@xunta.gal / www.cgac.xunta.gal

